



**Conversa con**  
**Agustín**  
**Fernández**  
**Paz**



AS PAISAX  
Os fios cos q  
historias teñe  
nunha Vilalba  
o mundo: nos  
e tebeos que  
cines que xa  
dias escolara  
veráns lumie  
nas paisaxes  
Homenax



e dos escritores galegos de Madrid, pois ao meu ver teñen todos eles moito que dicir no ámbito literario galego. En Madrid celébrase o Día das Letras Galegas durante unha semana enteira e con tantos actos como se poden facer nas máis das cidades galegas. Hai público e, ademais, a presenza de autores galegos en Madrid está a ser unha marabillosa mostra para os eventuais lectores de lingua non galega. Non en van, de aquí xurdiron xa varios poetas alógrafos dunha excelente calidade poética. Paga a pena achegarse, ver e coñecer. Estades todos convidados aos faladoiros galegos do Café Comercial nos últimos sábados de cada mes a partir das catro. A palabra en galego, con café, sabe aínda mellor.

*Fonte: Editorial Galaxia*

13/09/2011


## Fernández Paz, Premio SM

*Redacción.-*

O escritor chairego Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947) gañou o VII Premio Iberoamericano SM de Literatura Infantil e Xuvenil, segundo anunciaron os promotores do certame na cidade de Guadalaxara (oeste de México). O autor, que é Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil de España (2008), foi galardoado "pola súa extensa obra narrativa, que aborda unha gran diversidade de xéneros e temas", dixo Verónica Abud, presidenta do xurado e representante da Organización de Nacións Unidas para a Educación e a Ciencia (UNESCO).

O obxectivo deste premio, que ten unha dotación económica de 30.000 dólares (preto de 22.000 euros) e entrégase na Feira Internacional do Libro de Guadalaxara (FIL), é o recoñecemento daqueles autores que desenvolvan a súa carreira literaria no ámbito do libro infantil e xuvenil. O galardón seralle entregado a Fernández Paz o próximo 29 de novembro na XXV edición da Feira

Internacional do Libro de Guadalaxara (FIL).



Fernández Paz ten unha longa traxectoria e xa gañou o Premio Nacional de Literatura Infantil e Xuvenil concedido polo Ministerio de Cultura de España en 2008 pola súa obra en galego O único que queda é o amor. Comprometido coa defensa do galego, Fernández Paz dixo que escribe nesta lingua por ser aquela en a que se desenvolve a súa vida cotiá, e, aínda que en principio isto puido ser un obstáculo coas editoriais, actualmente a práctica totalidade das súas obras están traducidas tamén ao castelán.

Os gañadores anteriores do Premio Iberoamericano SM de Literatura Infantil e Xuvenil foron Juan Farías (España), Gloria Cecilia Díaz (Colombia), Montserrat Amo (España), Bartolomeu Campos de Queirós (Brasil), María Teresa Andruetto (Arxentina) e Laura Devetach (Arxentina). O xurado desta edición formárono, xunto a Abud, Julia Calzadilla, representante do Centro Rexional para o Fomento do Libro en América Latina e o Caribe (CERLALC); Alicia Molina, do International Boards of Books for Young People (IBBY); Teresa Colomer, da Organización de Estados Iberoamericanos (OEI); e Xavier Senín, da Fundación SM.

11/09/2011

## Ás veces dá noxo!!

*María Xosé Lamas.-*

Dá noxo escoitar voces alleas á nosa realidade. Demagogia pura e dura... sen senso nin cor. Aínda apenas

esperta, poño a radio. RNE de Galicia, desta volta: entrevista ao conselleiro de Educación, Xesús Vázquez. As típicas preguntas. Como se presenta dende o punto de vista político o curso escolar que agora dá comezo; que hai das protestas do profesorado en canto ao aumento do horario de atención ao alumnado; que hai das bolsas para libros gratuítos....???



Unha voz amábel contesta dende o outro lado da liña. Todo perfecto! A consellería responde polas súas decisións – tomadas como todos sabemos en tempo de vacacións, para que non os atrape a indignación- sobrias e con recortes orzamentais: todos sabemos que estamos en crise....En crise! Claro. Como non había de ser unha desculpa perfecta para uns recortes tan desexados pola súa parte! Iso si, non irá nunca en detrimento da mellora da calidade do ensino...!

Pois, para comezar, señor conselleiro, hai moreas de accións nas que "recortar" sen ter que tocar aos orzamentos de educación. Pense vostede só na cantidade de "programas educativos" –entre moitas aspas– que vostedes a cotío realizan espallando arrogancia sen senso común e que nunca son nin serán operativos por falta de perspectivas realistas. Pense na cantidade de propaganda da que fan uso gastando porcentaxes impensábeis de cartos que moi ben podían estar destinados a actividades máis produtivas... Pense!!! E déixese de parvadas! Temos, os que traballamos verdadeiramente no ensino, saturadas as nosas mesas de proxectos inservíbeis, produto de mentes ociosas, sen os pés na terra. E a nosa realidade cotiá é outra, moi distinta; e os nosos obxectivos, moi

diferentes e centrados sempre nun alumnado ao que vostedes non teñen nunca en conta. Énchen a boca coa palabra "sociedade", o que ela precisa, segundo vostedes coidan... Pero, perdoe, están moi lonxe de coñecerla. E a tan nomeada "mellora da calidade do ensino" en aras á que din que vai enfocado o aumento de horario de atención ao alumnado que impuxeron sen negociar, coma sempre...?

Señor Vázquez, as tarefas do profesorado para co seu alumnado distan moito das que vostedes queren impor taxativamente. A quen queren enganar? De certo pensan que obrigando aos profesores a estar dúas horas máis no centro facendo tarefas de garda e custodia dos alumnos vai mellorar a calidade do ensino. É iso o que pensan na súa consellería? Que errados están! Para mellorar a calidade do ensino é preciso cambiar moitas cousas, é certo, pero entre elas non está precisamente o feito de obrigar a tarefas para as que o profesorado nin está obrigado, nin lle corresponden directamente. Quere aumentar o horario? Pois ben, fágao, aumentando o número de horas lectivas. Que son cinco diarias? Que sexan seis, así poderían impartirse materias moi importantes aos nenos e nenas que non se están a dar; así poderíase coordinar o traballo do cento colectivamente, valla a redundancia, e sermos todos os docentes responsábeis de actividades tan importantes coma o fomento da lectura (levando a cabo un operativo plan lector, do que só lles importou sempre o documento burocrático), funcionarían departamentos tan importantes como o da dinamización da convivencia escolar, a biblioteca, as TICs e outros proxectos como o seu tan mencionado Abalar... Non se decata das incongruencias que están a amosar?

Nos tempos que corren, ningún docente se negaría a aumentar o seu horario de traballo. Iso si, sempre que fora coherente co seu bo facer profesional.

Nada comento, señor Vázquez, da súa resposta ante a pregunta que lle facían esta mañá sobre a gratuidade

dos libros de texto, nin do xeito tan simple de respondela. As bolsas redúcense... "a crise" outra vez. Non podía ser doutro xeito: cifras comparativas con gobernos anteriores son perfectas razóns para esquivar a responsabilidade de seu. Xa estamos afeitos, descoide. Abonda con cambiar de tema e gabarse de feitos que nunca foron realizados por vostedes, está claro; que herdaron deses gobernos a quen tanto desprestixian: aumento das cotas para comedores en prazas e orzamento, mellora do transporte escolar... Non nos conte máis. Sabemos que todo iso foi acadado por vostedes, sen dúbida...!

Abonda de demagogia. Xa ninguén os cre! Até outra, señor Vázquez e deséxolle un bo comezo de curso escolar, vaille facer falla!

11/09/2011

## Conversa con Agustín Fernández Paz

### "Co galego falta vontade política"

Mario Paz González.-

*Quen a teña escoitado algunha vez, saberá que a voz de Agustín Fernández Paz (Vilalba, 1947), un dos autores máis prolíficos e valorados da literatura galega, soa coa mesma claridade e intensidade que a voz das súas novelas. Tamén con esa urxencia incontible do bo contador de historias. Con el falamos da súa última obra, Non hai noite tan longa, pero tamén doutros moitos temas: a Memoria Histórica, a situación do galego, a importancia das tramas narrativas, os prexuízos lectores, a Literatura no ensino...*

**PREGUNTA. A túa última novela, Non hai noite tan longa, contén referencias a outros xéneros como o fantástico (presente noutras obras túas), tamén á novela negra... Foi premeditada esa mistura ou xurdiu espontaneamente?**

**RESPOSTA. O da novela negra foi**

premeditado. Eu son, desde hai moitos anos, un bo lector dese tipo de novela na que, aproveitando unha historia, faise unha análise crítica da sociedade. Ademais, para contar algo, non hai mellores tramas que as da novela negra, pois dun capítulo vanche levando ao outro, ata o final. O elemento fantástico é unha especie de marca da casa. Sobre todo eses elementos fantásticos ambiguos, como ocorre neste libro que, ao estar en primeira persoa, non sabemos se son realidade obxectiva ou visións da voz narradora. Neste caso, ademais, o fantástico permíteme falar con máis amplitude da vida real, se non tería que recurrir a un documento deixado polo pai morto ou outro recurso similar. Pero é moito máis directo usar unha tradición tan galega como é a das visións, a dos aparecidos. Unha tradición coa que eu medrei, pois cando eu era cativo todo o mundo, ata os maiores, crían nas visións.

**P. O da ambigüidade que dis fai pensar na Odisea de Homero, á que fas referencia na novela, porque tamén pode lerse como realista ou fantástica. O que conta Ulises da súa viaxe podemos pensar que o inventou ou que lle aconteceu de verdade.**

R. Efectivamente. Ademais son incontables, e inevitables, as referencias dos que escribimos á Odisea e, ás veces, case sen nos decatar. Neste caso, está esa idea de alguén que regresa e que, por riba, ten que levar a cabo unha sorte de vinganza, como Ulises cos pretendentes. É algo que está no caldo do cal un se nutre á hora de escribir. Pensa na de westerns co esquema dun tipo que chega ao pobo para facer unha vinganza. Dalgún xeito as tramas son debedoras unhas das outras, é literatura sobre literatura.



**P. Hai unha serie limitada de**

**tramas que se van repetindo.**

R. Exacto. En *La semilla inmortal* uns profesores cataláns [Jordi Balló e Xavier Pérez, Anagrama, 1997] fan unha síntese de vintetantas tramas fundamentais do cine, pero que poden trasladarse perfectamente á literatura. As tramas están todas contadas xa, fanse novas cando nunha novela créanse uns personaxes, unhas situacións, unha visión do mundo nova.

**P. O protagonista, Gabriel Lamas, tenta pechar unha ferida do pasado. Ti falas de vinganza, pero canto hai de vinganza ou de desexo de xustiza na súa actitude?**

R. Vinganza posiblemente non sexa a palabra exacta. Se cadra utiliceina por comodidade, pero coido que é algo máis fondo, que poida ter matices. O move unha razón dobre. Por unha banda saber a verdade, o que eu compararía co esforzo de Emilio Silva e os da Memoria Histórica de abrir unha fosa máis para desenterrar o pasado. Lamas sinte que iso élle necesario para seguir vivindo. Por outra, tamén é a historia da miña xeración, que non se fixo públicamente as preguntas. Os que si as fixeron son os netos dos que sufriron. Gabriel Lamas, aínda sendo fillo, ten tamén que abrir esa ferida mal curada para, como se di ao final, curala. Pero todo isto está no inconsciente do autor, porque cando escribes, aínda cuns esquemas previos e documentación, hai unha historia que vai tirando de ti e estas reflexións fanse a posteriori.

**P. Lamas fuxiu de Monteverde, un lugar claustrofóbico onde seguen presentes moitos medos do pasado que imposibilitan que a verdade saia á luz. Canto disto pensas que segue existindo aínda hoxe na sociedade galega?**

R. Monteverde é unha vila imaxinaria pero, obviamente, feita con retallos, tanto de Vilalba como doutros lugares que coñezo ou que coñecen amigos meus e que poden ser un paradigma de calquera vila galega ou española. Hai unhas semanas lerías, coma min, na prensa o desa vila de Ávila na cal desenterraron os cadáveres duns represaliados e negáronse a que os enterraran de novo, destrozaron o monumento...

Feitos como eses obedecen, obviamente, a que tantos anos despois aínda doe o pasado da guerra civil, aínda hai unha ferida. Hai unha oposición, sobre todo por parte dos descendentes dos vencedores, de non querer saber para así poder pasar páxina definitivamente. Algúns amigos dínme que a visión que dou é real, e eu coido que esta cerrazón estivo en toda España e en toda Galicia aínda que, se cadra, nas cidades menos.

**P. Pódese, pois, ler a novela como unha alegoría da Memoria Histórica?**

R. Evidentemente si. Eu centreime nun caso individual que servira de paradigma, pero non é tan explícito como noutros libros meus como *Corredores de sombra*. Neste caso hai un axuste de contas coa mocidade que nos tocou vivir á xente que fumos novos nos anos sesenta ou primeiros setenta. Claro que peor foi o que viviu a xeración anterior.

**P. Xa que citas *Corredores de sombra*. Poderíamos estar a falar dunha triloxía formada por esa novela, *Noite de voraces sombras* e *Non hai noite tan longa*?**

R. Si. Dalgún xeito si. Está claro que o tema do pasado e da necesidade de desenterrar o pasado e de coñecelo para poder, como din os políticos, “pasar páxina” e curar as feridas está nos tres libros. Hai por aí algúns fíos que os unen.

**P. Como a sobriña de Gabriel, Milena, e a protagonista de *Corredores de sombra*.**

R. Efectivamente. Ambas as dúas responden ao mesmo modelo de persoa que eu quero crear. É a idea de que a xente que eu tiveron nas aulas, a xente nova, son os que realmente poderán superar estas feridas. A dos bisnetos da guerra posiblemente sexa a xeración que poda coñecer como foron as cousas, pasar páxina e facer que estas feridas sexan só historia. Eu quero representar aí a forza da mocidade e a idea de que son o futuro e hai que confiar neles. Non costa ningún traballo imaxinar a Milena por exemplo, agora mesmo, coordinando algunha historia dos indignados.

**P. Falas de axuste de contas coa**

**túa xeración, a xeración que viviu os sesenta. En certa ocasión ti dixeches que a ditadura vos roubou a posibilidade de ler autores fundamentais ou de ver películas esenciais que, ou ben non chegaban, ou ben facíano tarde e censuradas. Canto hai de sentimento autobiográfico nisto?**

R. Iso hai que vivilo porque aos máis novos cóstalles entendelo. Na presentación do libro n’*A Coruña* contei unha anécdota actual mínima, pero que axuda un pouco. Hai unhas semanas botaron na tele Un tranvía chamado deseo, con Marlon Brando e Vivien Leigh, e, ao vela, observei que había media hora de máis na que os protagonistas falaban en inglés. Non estaba dobrada porque eran os anacos que a censura cortara. Agora a historia da película víase moito máis clara. E iso pasou con moitas outras. O cine que se estaba a facer daquela non nos chegou. E se chegou, fixoo mal. No que se refire ás novelas, son lexión os autores que non puidemos ler ata ser persoas adultas cando entraron a finais dos setenta ou oitenta. Os discos de Paco Ibáñez chegaban con menos cancións das que tiñan orixinalmente e ata aos Rolling Stones lles tocou.

**P. Moitos dos personaxes positivos das túas novelas teñen unha fonda relación coa lectura. Como ves, como escritor ou lector, o panorama actual?**

R. Eu aí teño unha postura dual. Penso que hai que traballar na promoción da lectura porque enriquece ao ser humano e porque é unha práctica fundamental para construíres unha sociedade democrática. Pero tamén teño claro que na época actual lese moito máis que nas anteriores e hai ferramentas, como as bibliotecas, ao alcance de todos que antes non había. Ás veces escoitase esa idea de que antes lía máis, pero non sei de quen se está a falar porque na época na que eu era neno, ou mozo, liamos moito uns pouquiños. A inmensa maioría non lía nada ou só a Marcial Lafuente Estefanía, Corín Tellado e similares. E iso que non había televisión que se non, nin iso lerían. O réxime franquista miraba de xeito sospeitoso aos lectores e aos libros mesmos e a política de bibliotecas



era prácticamente inexistente. Os grandes autores de literatura infantil e xuvenil tivemos queellos xa cando estaba a piques de morrer Franco ou despois da súa morte.

**P. Hoxe, na xente nova, hai unha falta de prexuízos lectores moi de valorar, pois tanto poden ler ciencia ficción como autores sesudos. Que pensas ti deses prexuízos que había antes, mesmo fronte á literatura xuvenil?**

R. Eses prexuízos eran moi agudos nos anos sesenta e aínda quedan algúns, pero eu diría que están en franca superación. Hoxe, polo menos quen ten unha certa preocupación pola cultura, merca un cómic coa mesma liberdade que un libro, e a novela negra xa ten o estatus que merece. A ciencia ficción quizais non, e iso é un camiño por percorrer. En canto á literatura xuvenil, aínda existen prexuízos, pero están moi diminuídos respecto ao que había uns quince ou vinte anos atrás. De feito, penso que o que pode definir unha novela como de adultos ou non son as técnicas narrativas máis complexas que farán que o hipotético lector teña que ter unha madurez lectora que, moitas veces, os mozos non teñen. Ás veces moita xente adulta tampouco e, polo tanto, moita da novela que hoxe hai nas librerías podería calificarse como xuvenil.

**P. Unha das cousas máis valoradas das túas novelas polo público e a crítica é a perfecta arquitectura das tramas. Como consegue Agustín Fernández Paz isto?**

R. Eu sempre digo, cando penso niso, que procede de que son unha persoa á que lle gustan moito as historias, o cine, a literatura... Cando un quere narrar algo hai que elaborar unhas tramas que sexan consistentes e atraentes para os futuros lectores, que os fagan vivir na novela ata que remata. Iso é tamén oficio. O mesmo ocorre con esas películas que, contando cousas moi serias, fano cunha trama moi atractiva. Eu apúntome a esa forma, aínda que se pode escribir doutras. Pero, como lector, agradézoo.

**P. Non hai noite tan longa está chea de referencias culturais (Shakespeare, Bergman,**

**Homero...) e tamén poéticas (Cernuda, Valente...) moi presentes noutras obras anteriores. Como é a relación de Agustín Fernández Paz coa poesía?**

R. O certo é que merco bastante poesía e hai etapas nas que leo máis, porque lese dun xeito diferente á prosa. Tes que ter o libro a man para lelo e relelo. Paréceme que é, desde logo, a forma máis esencial da literatura e a máis difícil tamén. O bo poeta consegue transmitir, non só a súa visión do mundo, senón tamén as súas vivencias e emocións dun xeito que a prosa non pode. Cantas veces me ten pasado a min que acabo aprendendo un poema de memoria e non se me desvela o seu contido ata que un día, repetíndoo pola rúa, descubro un significado esencial que non percibira antes. Agora gústame moito Joan Margarit, un poeta catalán extraordinario, máis ou menos da miña idade e que ata hai seis ou sete anos non coñecía. Hai outros que me acompañan desde sempre, como Valente, Vallejo ou Ferrín, dos que leo todo. En canto aos poetas novos voume fiando un pouco das lecturas da crítica e do que me di outra xente.

**P. Para alguén que confesou nunha ocasión que os anos nos que comezou como docente, a mediados dos setenta, foron os máis intensos da súa vida, que pensa da situación actual do ensino, cos currículos que marxinan claramente á Literatura en particular e ás Humanidades en xeral?**

R. Iso é un asunto moi longo. O ensino actualmente vai por camiños que non me gustan, contrarios ao que eu defendería, cuestións como que contribúa a corrixir as desigualdades sociais en lugar de aumentalas ou que teña unha marxe de liberdade curricular ou mesmo horaria. Pero actualmente estamos vendo como ocorre o contrario. Sei que a educación é como un trasatlántico, costa moito facer que vire só uns graos de dirección, pero cando vexo os meus trinta e pico anos de ensinanza decátome de que os froitos están no que persoalmente puido aproveitar ou non cada rapaz ou cada rapaza cos que estiven. A miña xeración conseguiu con ben

traballo algúns froitos que hoxe se dan por feitos. Pero tamén queda un pouso de insatisfacción porque queda moito por facer. O do menosprezo das Humanidades é trágico. Está no ensino, pero tamén na sociedade en xeral. Eu non sei se hai cerebros ocultos detrás disto, pero é certo que hai unha vontade de marxinar coñecementos que poden non ser "imprescindibles". Aínda que eu creo que a literatura, a música ou a arte si o son para calquera traballo e para a creatividade das persoas, básica para que a sociedade poida avanzar.

**P. A túa obra é moi ampla, chegando a reunir ata catro ou cinco libros no mesmo ano. De onde saca o tempo Agustín Fernández Paz?**

R. Iso son casualidades editoriais. Moitas veces os libros non se publican cando se escriben. Hai épocas de escritura intensa nas que non se publica nada e, ao mellor, un ano a editorial decide sacar aquel libro que estaba apartado. Por iso non coincide cronoloxicamente a orde de publicación coa de escritura. Durante moitos anos, como os últimos noventa ou os primeiros deste século, escribín con moita intensidade, coa sensación de que se me ía acabar a vida e tiña que deixar escrito todo que quería.

**P. A túa obra obtivo moitísimos recoñecementos, moitos deles fóra de Galicia, a nivel internacional, como a candidatura ao Andersen no 2012, considerado o Nobel da literatura infantil e xuvenil. Foi difícil, xa que logo, tomar a decisión de rexeitar o Premio da Cultura Galega que che concedeu a Xunta en 2010?**

R. Unha decisión desas nunca é fácil. Pero que neste caso eu, como membro activo de Prolingua, viña de promover unha petición na cal se dicía que, se alguén recibía ese premio, o rexeitara polas condicións que se daban. Por iso cando mo outorgaron a min, tras agradecerllo ao xurado, que non ten culpa destes avatares, non podía aceptalo.

**P. Como ves a situación actual do galego?**

R. Con moitas facetas. Vexo que hai retrocesos e tamén avances. Estou

moi orgulloso da súa presenza na rede, ligada case sempre a posturas moi creativas e activas. Pero, cando vou ao País Vasco ou a Cataluña, penso que falta unha vontade política, que faltou case sempre e que é imprescindible en calquera lugar, xa sexa Francia, Madrid... Aquí agora máis que indeferenza o que hai é unha política agresiva. No comezo da lexislatura foi sumamente agresiva e agora permanece unha postura de desconfianza respecto ás cuestións que teñan que ver coa lingua ou coa cultura galega en galego. Se é música ou pintura, digamos que "estorba" menos, pero se é cine, teatro ou literatura da a impresión de que hai unha política deliberada de cortarnos as ás ou, seguindo a metáfora do bonsai, de cortarnos as poliñas e non deixar que o bonsai medre.

**P. Cal é o teu próximo proxecto. Que nos podes contar del?**

R. Teño dous libros pendentes de saír. Un de relatos de medo, que aparecerá non sei cando, e unha novela curta moi interesante escrita xa hai tempo e que, se houbera sorte, publicaríase nos vindeiros meses. Penso, que é unha mágoa que non saíra antes da cuestión dos indignados porque, dalgún xeito, enlaza con eles. En canto ao que vou escribir, a verdade é que teño por riba da mesa varias cousas, pero non sei por cal lanzarme. E logo, noutro tipo de libros, acaba de chegarme hoxe á casa un novo que escribín para os lectores máis pequenos, de oito anos en diante, moi ben ilustrado e que se chama Corazón de pedra.

**IMAXE:** Agustín Fernández Paz na homenaxe "O escritor na súa terra" feita en Vilalba o 20 de xuño de 2009. Fotografía de Paulo Naseiro. 11/09/2011

10/09/2011

**Memoria da Chaira enteira**

*Redacción.-*

O pasado xoves, 8 de setembro, celebrouse en Outeiro de Rei o sétimo cabodano do pasamento de

Manuel María. Despois do xantar de fraternidade no Restaurante Río Ladra, en Gaioso, tivo lugar un recital poético en Penas de Rodas e de seguido o prego no Cemiterio de Outeiro de Rei, este ano a cargo de Xosé Vázquez Pintor e a ofrenda floral na sepultura do noso escritor da Chaira, para rematar co rito compartido "A navalla do Manuel".

Nesta ocasión, ea entrega correu a cargo do receptor da navalla na derradeira edición, o xornalista Xulio Xiz Ramil, ao escritor David Otero. Todo elo en presenza da súa viúva Saleta arroupada polos amigos e amigas que cada ano a acompañan.



Asemade, onte venres, no Auditorio Municipal Carmen Estévez de Vilalba celebrouse un outro acto na memoria de Manuel María organizado polo Instituto de Estudos Chairagos no que se proxectou o filme de Jorge Coira "18 comidas", que contou coa asistencia do realizador lugués.

*Foto: Alba Sofía*

**Presentación de "18 comidas"**

*Redacción.-*

O director chairego Jorge Coira presentou onte en Vilalba o seu último filme, 18 comidas, no marco da celebración do Día da Cultura Chairaga, organizado polo IESCHA.

O realizador, que disculpou a ausencia do produtor da fita, o actor Luís Tosar, por compromisos ineludibles, agradeceu a acollida de público e crítica a esta obra, que conta seis historias ao longo dun único día de ficción.

18 comidas é un filme de formato pouco convencional, cun moi bo guión máis con diálogos abertos á improvisación, e que viaxa a través de dezaioito comidas, almorzos, xantares e ceas, que nos fan partícipes de algúns deses momentos que poden cambiar una vida.

**DARDO na Feira de Río**



*Redacción.-*

Este ano celébrase a primeira edición da FEIRA INTERNACIONAL DE ARTE CONTEMPORÂNEA DO RIO DE JANEIRO. Entre os días 8 e 11 de setembro DARDO magazine estará presente na recentemente nada feira brasileira para mostrar a publicación aos visitantes e os profesionais do sector cultural que acudan ao evento.

Na caseta de DARDO preséntanse os últimos números da revista, así como outras publicacións editadas por DARDO, outorgando especial atención a aquelas dedicadas a analizar a obra de artistas brasileiros. Entre elas libros como ARTECIDADE / ZONA LESTE ou as monografías dedicadas ao traballo dos artistas Albano Afonso, Marco Giannotti ou Cabelo, entre outras.

**Para máis información sobre a feira ou DARDO:**  
[www.artriofair.com.br](http://www.artriofair.com.br) / [www.dardo-ds.com](http://www.dardo-ds.com) / [www.dardonews.com](http://www.dardonews.com)

09/09/2011

**'Le Frigo' no Teatro**